

Guía breve do Ámbito Científico Tecnolóxico. Ciencias da natureza. Módulo 4.

1.- CONTIDOS

UNIDADE DIDÁCTICA 5. A orixe e evolución da Terra e da vida:

- 5.1. Compoñentes do Universo e o Sistema Solar
- 5.2. Principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos do noso planeta.
- 5.3. Os modelos que explican a estrutura e composición da Terra
- 5.4. Tectónica de placas.
- 5.5. Principais teorías evolucionistas.

UNIDADE DIDÁCTICA 6. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos:

- 6.1. Organización dos seres vivos.
- 6.2. A célula, tipos, estrutura e fisioloxía.
- 6.3. División celular: mitose e meiose.
- 6.4. Herdanza xenética e mutacións.

UNIDADE DIDÁCTICA 7. As persoas e a saúde. Promoción da saúde:

- 7.1. Sistemas e aparellos implicados nas funcións vitais.
- 7.2. Función de nutrición: aparello dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- 7.3. Función de relación: aparello locomotor, órganos dos sentidos, sistema nervioso e hormonal.
- 7.4. Función de reprodución : aparello reprodutor feminino e masculino.

7.5. Inmunidade: enfermidades contaxiosa e non contaxiosas. Microorganismos causantes de enfermidades contaxiosas e como previlas.

UNIDADE DIDÁCTICA 8. Ecoloxía e medio ambiente. Xestión sustentable do planeta:

8.1. Os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas.

8.2. principais problemas mediambientais.

8.3. Actuacións para mellorar a problemática ambiental: reciclado e reutilización.

8.4. Enerxías renovables.

2.- TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

UNIDADE DIDÁCTICA	NÚMERO DE SESIÓNS PRESENCIAIS	EXAMEN PARCIAL
BLOQUE 6: A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos	4	1º EXAMEN PARCIAL
BLOQUE 7: As persoas e a saúde. Promoción da saúde	6	1º EXAMEN PARCIAL
BLOQUE 8: Ecoloxía e medio ambiente. Xestión sustentable do planeta:	3	2º EXAMEN PARCIAL
BLOQUE 5: A orixe e evolución da Terra e da vida	3	2º EXAMEN PARCIAL

En cada cuadrimestre haberá dous exames parciais para o alumnado que asista regularmente as titorías lectivas . Antes da realización de cada exame, comunicarase ao alumnado tanto nas aulas como a través da Aula Virtual do curso, os aspectos sobre os que se examinarán en cada unha das probas, por se non se puidesen tratar todos os contidos programados.

3.- METODOLOXÍA

Nas ensinanzas a distancia semipresencial a aprendizaxe enténdese coma un proceso activo no que, o **alumno/a** “ti” es o/a protagonista principal, orientado e guiado polo **profesor-titor** a través de **titorías presenciais**. As titorías presenciais, son de dous tipos: titorías lectivas e titorías de orientación:

- **As titorías lectivas, é unha titoría semanal para cada profesor do Ámbito**, a que tes que asistir de forma regular para facilitar o proceso de ensinanza (agás en circunstancias acreditada, previa petición do interesado/a). Estas titorías dedicaranse a abordar os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza incidindo especialmente nos contidos
- **As titorías de orientación**, son varias horas semanais que figuran no horario do profesor/a do Ámbito, nas que podes consultar dúbidas, asesoramento e orientación ao profesor, por vía telefónica (teléfono do centro), correo electrónico (mcartes@edu.xunta.gal) ou través da aula virtual de Ciencias da Natureza. Mod4.Semipresencial. Profesora: Marta Cortés Quinteiro.

Titoría lectiva mañá	Xoves 10:00 -10:45
Titoría lectiva tarde	Luns 16:45- 17:30
Titorías de orientación	Martes 19:00-19:45 Venres 11:30-12:15

4.- MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais para estas ensinanzas son específicos para a ensinanza semipresencial e atópanse no curso “Ámbito Científico CCNN Módulo 4 Semipresencial” da Aula virtual do EPAPU EDUARDO PONDAL:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/aulavirtual/>

• Ademais, podedes atopar máis material correspondente á materia no apartado Unidades didácticas da Educación Secundaria para as persoas adultas. Módulo 4 (Unidades 5 a 8) da páxina da Consellería de Educación e na Aula Virtual da EPA. Os enlaces a estas webs son:

- <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204> (galego) o
- <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/7453> (castelá)

5.- AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación empregados son os *dous exames parciais* para o alumnado que asista regularmente as titorías lectivas (luns ou xoves, conforme a quenda de cada quen), e para o resto do alumnado (que non asiste regularme as titorías lectivas) o *exame final* que se celebrará na data e lugar que se sinala polo centro a través das canles habituais (taboleiros, páxina web do centro, ...).

CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Como a materia está repartida entre profesorado de diferentes departamentos, éstos realizarán a avaliación dos contidos impartidos por cada un de forma independente, sendo a nota final do ámbito a media aritmética das notas obtidas. É importante ter en conta os seguintes aspectos:

- Se tras a realización dos dous exames parciais, o alumnado obtén unha media aritmética de 5, sempre e cando en cada un dos exames teña como mínimo un 4,0 estará exento de presentarse ao exame final tendo a PARTE do ámbito correspondente a Ciencias Naturais/Física e Química superada.
- No caso do alumnado que asista regularmente as titorías lectivas, de non superar un ou os dous exames parciais terán a posibilidade de recuperalos no exame final.
- Despois da realización do exame final, realizarase a media entre as cualificacións do profesorado que imparta clase no ámbito. Para superar o ámbito será imprescindible acadar un mínimo de 3 en cada unha das partes do ámbito, non se fará a media con cualificacións inferiores. Deste xeito, suspender algunha das partes do ámbito supón suspender todo o ámbito.
- No caso de que o alumnado non supere o ámbito, terán que presentarse con todos os contidos do Ámbito á proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño.

➤ **SECUENCIACIÓN DO CURRÍCULO DE CIENCIAS DA NATUREZA:**

Módulo 4

Trataremos os aspectos máis complexos e abstractos que se inclúen para esta materia nesta etapa, xa que o alumnado que accede a este módulo xa superou os ámbitos científicos dos tres módulos anteriores. Isto significa que dispón das destrezas e coñecementos científicos suficientes para poder iniciar de forma comprensiva o estudo das grandes teorías científicas actuais que explican os fenómenos e procesos xeolóxicos e biolóxicos que favoreceron o desenvolvemento do coñecemento científico, como son: a orixe e a evolución da Terra e da vida; a teoría celular e o estudo da célula como unidade funcional dos seres vivos (Unidades didácticas 5 e 6). Finalízase con dous bloques que abordan de forma global e integradora o funcionamento dos seres humanos como sistemas e a súa interacción nos ecosistemas, afondando no estudo das funcións vitais nas persoas e a repercusión dos hábitos saudables na saúde (Unidade didáctica 7) e na repercusión do ser humano nos ecosistemas e como lograr unha xestión sustentable do noso planeta (Unidade didáctica 8). Todos eles son aspectos imprescindibles para que o alumnado que finalice esta etapa poida actuar como un cidadán crítico e responsable coa capacidade de posicionarse sobre temas transcendentais na sociedade actual.

1.2. Recursos bibliográficos. O Centro dispón de biblioteca na que ademais da consulta e préstamos de libros/revistas,... etc., a biblioteca dispón de computadores, con conexión a internet, que pode utilizar como apoio didáctico (CDs, Internet, etc..).

2. CRITERIOS SOBRE OS PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

A avaliación do ámbito pódese realizar de maneira **continua**, para o alumnado que asiste de forma regular ás titorías lectivas. Neste caso farase a media entre as cualificacións obtidas nas dúas avaliacións parciais propostas para estas Unidades didácticas (**sendo necesario acadar unha nota igual ou maior a 5, en cada unha das dúas avaliacións**) e as do outro profesor que participa no ámbito.

O alumnado será informado das datas da primeira e segunda avaliación ao principio de cada cuadrimestre nas titorías lectivas e tamén serán publicadas na Aula virtual do Ámbito.

En todo caso, o Centro establece de forma oficial un calendario de exames finais do Ámbito, aos que se pode presentar todo o alumnado que non se presentase ás avaliacións propostas ou ben non as superase. Ditos exames realizaranse na última semana de xaneiro, para o primeiro cuadrimestre.

Ademais, para superar o ámbito neste exame final, será imprescindible acadar **un mínimo de 3 con cada profesor, non se fará media con cualificacións inferiores.**

En caso de non superalo, terán que presentarse á proba extraordinaria **con tódolos contidos do Ámbito**, nun calendario de exames que o Centro establecera de forma oficial.

Bloques de contidos	Avaliacións propostas	Unidades didácticas
Bloque 6. A Célula. Unidade Estrutural e Funcional dos Seres Vivos Bloque 7. As persoas e a Saúde. Promoción da Saúde	Primeira avaliación	U.D. 5. A Orixe e a Evolución da Terra e da Vida U.D. 6. A Célula. Unidade Estrutural e Funcional dos Seres Vivos
Bloque 8. Ecoloxía e Medio Ambiente Bloque 5. A Orixe e a Evolución da Terra e da Vida	Segunda avaliación	U.D. 7. As persoas ea Saúde. Promoción da Saúde U.D. 8. Ecoloxía e Medio Ambiente

3. CONTIDOS DE REFERENCIA DO CURRÍCULO* PARA SUPERAR OS MÓDULOS.

*Currículo de referencia publicado en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/ea/normativa>

Primeira Avaliación: